SUXESTIÓNS Ao 21. DECEMBRO.2025
CUARTO DOMINGO DE ADVENTO - CICLO A

S U X E S T I Ó N S:

- Os domingos pasados iniciabamos a actividade que Fano proponnos para este tempo de Advento: **A Xanela de Advento**. O Advento é como abrir unha xanela para que entre a luz nova e o aire fresquiño que o renova todo. Por iso, durante o Advento temos diante o debuxo dunha xanela, que imos abrindo cada domingo. É a xanela da nosa alma que imos limpando, aireando e ventilando.

- Hoxe tócanos abrir (Xanela de Coresma) a **4ª xanela**, na que aparece **Xosé** co seu caxato e unha azucena, cunhas táboas e un anxo entregándolle unha carta. A mensaxe é que **"S. Xosé dinos: apóiate sempre no caxato da fe e acolle o misterio de Xesús".** Suxerimos que poñamos á beira da xanela un caxato destacando que para celebrar o misterio de Xesús fai falta o apoio da fe que é o que tivo Xosé ao escoitar a carta ou mensaxe do anxo.

- Acendemos o 4ª cirio, o da acollida e vemos como podemos vivila mellor estes días, tanto co Señor como cos que pasen ao noso lado.

- Quedan poucos días para o Nadal, que non vos pase desapercibida a chegada de Xesús, que non nos colla de vacacións, despistados noutras cousas. Descobre o **plan "b" de Deus** para ti: quere ser o protagonista do teu Nadal, entrar na túa vida, cambiarte o corazón, ser o Deus próximo, só fai falta confiar (ter algo de fe) e acoller.



-Preparamos **panxoliñas**, belén (colocando o neno Xesús o 24), o belén vivente, imos polas rúas con panxoliñas e adhesivos de estrelas dando a boa nova: "Naceu Xesús!"…

-Organizamos a **campaña solidaria de Nadal** colaborando con Cáritas, entregando o que recollemos para os pobres: alimentos, xoguetes, detalles do Nadal...

-Este domingo os nenos poderían traer á misa **o Neno Xesús dos seus beléns** e bendícense todos xuntos usando a oración que hoxe poñemos ao final ou outra.

-Repartimos tamén a oración de **bendición da cea de Noiteboa** e encargamos aos nenos ou ás avoas que o lean.

-Estes días previos á celebración do Nadal adoita haber nas parroquias as celebracións comunitarias da penitencia para prepararnos axeitadamente a esta festa sinalada. O salmo de hoxe axúdanos a iso: “quen pode subir ao monte do Señor?”.

-Se temos algunha figura de **S. Xosé durmindo, soñando**, que tanto lle gustaba ao papa Francisco, poderiamos destacalo neste domingo. Este 4º domingo ou o día de Nadal poderíase **regalar a cada neno un Neno Xesús pequeno** para que o teñan todo o ano na mesiña.

-Para o día de Nadal poderiamos prepara algo: Xa que o Nadal leva consigo agasallos tamén se podería facer unha caixa de cartón e envolvela en papel de agasallo e dentro métense corazóns recortados con frases como estas: ámote, vales unha chea, es o mellor agasallo, sempre estás comigo… e repartilos no ofertorio aos nenos para que os leven ás súas casas. Tamén os poderían facer eles e logo intercambialos.

VÍDEOS DOMINGO

MATERIAL DE FANO para Advento: "A xanela do ADVENTO"

Debuxos:

https://drive.google.com/drive/folders/11XyoH6veFssAZYYBzRekkWY8Ih5yO8-z?usp=sharing

Canción: "Abre tu ventana", Unai y Fano, canción: https://youtu.be/kzXzP6U0QfM&list=RDkzXzP6U0QfM&start_radio=1

Celebración penitencial A xanela de Advento

https://santvicentmartirbenimamet.org/2025/12/12/celebraciones-del-perdon/

4º ADVIENTO A- Mateo 1, 18-24: *"Xesús nacerá de María".*

-Mt. 1,18-25, debuxos: https://youtu.be/jQ2tZtG57XI https://youtu.be/anYOYZ0FtYM https://youtu.be/bhtBq_Sc4-k

-Mt 1,18-24, película; 7,31 min.: https://youtu.be/pQR6JL-i45E

-Mt 1,18-24, película; breve, 3,44 min.: https://youtu.be/yllE197uc8o

-Mt 1,18 24, película: https://youtu.be/5DMHaVj9e-A

-Resumo do ano, Verbo Divino-2013, reflexión: https://youtu.be/TYnyvapc26cn

-Cambio de plans, Verbo Divino-2016, reflexión: https://youtu.be/ZYtJGT4HKlA

-O mellor agasallo de Nadal, Verbo Divino-2019, reflexión: https://youtu.be/uLixWzvGOyY

-A vida é un soño inesperado, Verbo Divino 2022, reflexión: https://youtu.be/mN8u7_GROn4

-Deus-con-nosco, Verbo Divino-2025, reflexión: https://youtu.be/Y74bFm1v3rM

-Maranathá, canción con película: https://youtu.be/pK5qASuJRCg

-A Anunciación, canción de Javier Brú: https://youtu.be/qRS-DTrS2BY

-Cantos sobre S. Xosé: Arde, S. Xosé, canción de Hakuna: https://youtu.be/IEA4tMpD3YY

S. Xosé corazón de pai: https://youtu.be/ptuZDgUTNj8&t=1s

Himno de S. Xosé, Toño Casado: https://youtu.be/Gbk_cWZ8vP4

-Evanxeo en linguaxe de signos: https://youtu.be/j97hZjShmQ0

https://youtu.be/OW3bRGcBFFU
https://youtu.be/-9Q-dJ7Oyow https://youtu.be/sNKiOjvS1F0
-Exposición de cada domingo do evanxeo en YouTube
por Alex Navarro Mulet ("Cosas de Dios")
https://youtu.be/channel/UCft6btUTuaN3TRF_syJixww/videos

ORACIÓN A S. XOSÉ



Xosé, home xusto e bo, esposo de María.
Tes e oficio dos humildes, es o carpinteiro de Nazaré.
Queremos pedirche que nos deas as ferramentas
para amar incondicionalmente coma ti.
Un martelo, que en lugar de golpear, saiba comprender.
Un cepillo para puír o carácter e sorrir sen nada que temer.
Un metro para medir as cousas boas que nos rodean
e desterrar tanta negatividade.
Pídelle ao Señor que nos de un anaco de madeira como a túa,
para que a ninguén lle falte unha mesa, unha cadeira ou un
lugar onde repousar os pés.
E un taller cheo de labras, onde todos caiban
e o mundo apareza, por momentos, ao revés.
Queremos aprender de ti, Xosé, a non ser protagonistas,
a avanzar sen pisar a ninguén, a colaborar sen impoñernos
e a amar sen reclamar nada a ninguén.
San Xosé, esposo de María, roga por nós.

